

## 'Cinemas Dixitais': 'Bs. As.'



05/11/2008

Cinemas Dixitais presenta 'Bs. As.', documental de corte experimental galardoado co Segundo Premio Román Gubern de Cine-Ensaio 2007 no que Alberte Pagán recompón o relato oral da súa familia materna, emigrada a Bos Aires hai máis de cinco décadas. A partir de historias orais e correos electrónicos, o cineasta e escritor cinematográfico galego Alberte Pagán ofrece un frío retrato costumista de xeracións e épocas, unidas pola historia dunha familia -a súa- e a de dous países: Arxentina e

España. 'Bs. As.' (2006) Sinopse: Antes de todo, unha serie de fotografías familiares - as da historia íntima do director, sen dúbidas - acompañadas por unha banda sonora que crepita e deixa oír ás veces algúns versos de tango. Despois, unha película en dúas partes, cada unha delas marcada por unha voz de muller. Na primeira, Marta, a nai do director, fala con fluidez, en galego e desde alá, acerca de dous irmáns seus que deixaron Galiza para vir á Arxentina; na segunda, os mails que o director recibiu de Celia, unha curmá porteña, son lidos, en castelán e desde acá, por unha voz moi distinta, máis nova e menos segura do idioma. E entre ambas seccións, un separador: imaxes de Videla e dunha cidade tomada polo medo. Con esas voces e unha serie de extensos planos das rúas de Bos Aires, dos seus edificios e os seus subtes, Pagán fai da súa artesanal película un ensaio sobre a identidade e a lingua, sobre a migración e a memoria, sobre as pegadas dos fascismos de acá e de alá. O programa 'Cinemas Dixitais' é unha rede de exhibición alternativa fundada pola Consellaría de Cultura e Deporte a través da dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e a Axencia Audiovisual Galega, en colaboración co IGAEM. Especialmente deseñado para fomentar a difusión de obras audiovisuais non comerciais en toda Galiza, o proxecto inclúe unha extensa oferta cinematográfica cunha programación que valora perante todo as producións galegas. Ao longo do ano, 'Cinemas Dixitais' desenvólvese ao redor de varios ciclos de cine: o ciclo dos Telefilmes, Documentais, de Curtametraxes, o Cine Árabe, o Cine de animación e a Semana do Audiovisual Galego 'Premios Mestre Mateo'.